

Contra o despedimento de representantes sindicais

Neste último ano na nosa federación e na provincia de Pontevedra tivemos tres despedimentos de representantes sindicais de CCOO, dous no Gran Hotel A Toxa, que pertence o grupo hoteleiro HOTUSA, e outro en Adecco Outsourcing, unha empresa de multiservizos.

Todos estes despedimentos foron motivados por a actuación que tiveron os tres en defensa dos dereitos dos seus representados.

No Gran Hotel A Toxa tanto Isabel como Rogelio opuxéronse as pretensión da empresa de precarizar a situación laboral pasando a tódolos traballadores e traballadoras a fixos discontinuos. O seu despido é simplemente unha consecuencia de esta oposición. A pesar de quedarse sós na loita por evitar esta situación inxusta e innecesaria e de que o resto dos representantes do Comité de Empresa (de CIG e CSIF) non foron quen de plantarlle cara a dirección da empresa, non se deron por vencidos e acabaron pagando con seu despido. O primeiro xuízo celebrarase o próximo xoves día 23 en Pontevedra e esperamos que a xustiza poña as cousas no seu lugar.

En Adecco y despois de conseguir unha mellora importante das precarias condicións laborais que están a sufrir os traballadores e traballadoras de esta empresa de multiservizos, casualmente a empresa perde o servizo no que está o presidente do Comité de Empresa, Rafael López, e este é despedido por causas obxectivas sen posibilidade ningunha de outro posto de traballo a pesares de contar a empresa con outros servizos.

Con esta resolución pretendemos poñer os compañeiros Rogelio e Rafael e a compañeira Isabel como exemplo de loita e de responsabilidade. Por engadido a todo os compañeiros e compañeiras que foran despedidos pola defensa dos seus representados e representadas.

AVAIS PARA A RESOLUCIÓN PRESENTADA POLA DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA TITULADA “**Contra o despedimento de representantes sindicais**”

[illegible]